

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 14 de decembro de 2006, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores, celebradas os días 25 de outubro e 15 de novembro de 2006.
3. Contratos e convenios.
4. Ratificación, se proceder, da Declaración de Apoio ao Uso do Software Libre na UDC.
5. Premios excelencia académica.
6. Premios extraordinarios de doutoramento.
7. Aprobación, se proceder, dos orzamentos da UDC para o ano 2007.
8. Aprobación, se proceder, do plano de normalización lingüística da UDC.
9. Creación e composición da oficina de igualdade de xénero da UDC.
10. Aprobación, se proceder, da normativa de cursos de verano de 2007.
11. Aprobación, se proceder, de modificacións orzamentarias.
12. Eleccións membros da Comisión de Estudos propios de Posgrao.
13. Licenzas e permisos.
14. Comisión de servizos.
15. Prazas de profesorado.
16. Relación de postos de traballo do persoal docente e investigador.
17. Aprobación, se proceder, dos regulamentos de reximen interno da Facultade de CC. da Educación e do departamento de Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica.
18. Quenda aberta de intervencións.

A documentación completa relativa aos puntos 2 e 3 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación relativa aos puntos 3 (Listado), 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17, a documentación relativa ao punto 7 está a súa disposición na seguinte dirección: (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>).

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión.

A Coruña, 7 de decembro de 2006
O SECRETARIO XERAL

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO

De Orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convidar a Vd. ao viño de honra que se servirá na cafetería da Reitoría, ao remate da sesión ordinaria do consello de goberno do día 14 de decembro de 2006.

A Coruña, 7 de decembro de 2006.

O SECRETARIO XERAL

Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES/AS MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO

